



Amado Garra Nº 2
Teléfono/Fax 986 64 00 65
36860 Ponteareas

www.colexioinmaculada.com
cpr.lainmaculada.ponteareas@edu.xunta.com

¿QUE FACER ANTE UN CASO DE MALTRATO OU ACOSO ENTRE ESTUDIANTES?



**GUÍA DIRIXIDA AOS MESTRES
COLEXIO "LA INMACULADA"
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CURSO ACADÉMICO 2014-2015**

¿Que é o maltrato escolar?

(GUIA PARA OS MESTRES)

Trátase de condutas que teñen que ver coa intimidación, a tiranización, o aislamiento, a ameaza, os insultos e o acoso sobre unha vítima ou vítimas sinaladas.

“Un alumno é agredido ou se convirte en vítima cando está exposto de forma repetida e durante un tempo, a accións negativas que leva a cabo outro alumno ou varios deles”. (Olweus, 1998)

¿Cómo o podemos detectar?

Cando un chico ou unha chica métese con outro compañeiro ou compañeira por medio de insultos, motes, burlas, ameazas, atentando contra as súas pertenzas, agredíndole físicamente ou influíndo noutros para darlle de lado... Iso é maltrato.

No patio de recreo, nos corredores, nos servicios e na propia clase *sucede, ás veces, que uns chicos e chicas se meten con outros, se burlan do seu aspecto, se ríen deles, e logo dín que foi xogando ou que o outro é un quejica*, pero a verdade é que isto molesta, e moito. **Iso é maltrato.**

Alguns chicos e chicas *dín aos demais que non falen* con outra persoa, para que no teña amizades, ou lle acusan de algo a sabendas de que é mentira ou ameazan... **Iso é maltrato.**

Hai estudantes que abusan da súa forza e se poñen chulos ou chulas e se fan os “guays”, porque os demais lles rín a gracia cando chulean, *pegan ou ameazan* a outro compañeiro ou compañeira que non é tan forte ou que lle da vergüenza enfrentarse e se calla. **Iso é maltrato.**

Outras veces, *un grupo de chicos ou chicas se mete con outro u outra* levantando *rumores falsos sobre esa persoa*, simplemente porque non quere salir con eles, ou non está disposta a facer o que lle piden. Esta persoa comeza a perder as súas amizades e a ter mala fama. **Iso é maltrato.**

Debemos dicir que a pesar de que as situacións de maltrato non suelen evidenciarse habitualmente ante os ollos das persoas adultas, tampouco sería acertado como profesores ou profesoras obsesionarnos por ello. Rosario Ortega fala de entre un 5 e un 15 % de estudantes que se senten implicados no papel de vítimas ou agresores. A situación está presente nas nosas aulas e é convinte estar atentos aos indicios que nos dan pistas da posible existencia dunha situación de maltrato e intervir canto antes.

INDICIOS

Como educadores debemos estar atentos a:

- *Os abucheos* repetidos en clase contra determinados alumnos ou alumnas.
- *Os chicos e chicas diferentes* pola súa forma de ser ou aspecto físico ou pola súa discapacidade.
- *Os cambios inexplicables* de estados de ánimo, tristeza, aislamiento persoal... del algún alumno ou alumna.
- A aparición de *comportamentos non habituais*.
- As *sumisións incondicionais* entre alumnos e alumnas.
- Facer "*pellas*" ou *negarse a vir ao Centro*.
- A *non participación* habitual *en saídas* do grupo.
- A *relación* dos alumnos e alumnas *nos corredores*.
- A *relación* dos alumnos e alumnas *no patio*
- As "*pintadas*" nas portas de baños e paredes (Os nomes que aparecen habitualmente).
- *Evidencias físicas* de violencia e *de difícil explicación*.
- ...

(A detección destes indicios non son indicadores unívocos de situacións de maltrato)

Si detecto, si percibo algo desto, teño que averiguar si se está dando algún tipo de maltrato entre o meu alumnado.

¿Qué fago?

- Me informo. Observo. Comprobo. Podes utilizar algunhas ferramentas para coñece-la situación da túa clase:
 - CUESTIONARIO SOBRE MALTRATO ENTRE IGUAIS
 - SOCIOGRAMA.
- Consulto coa Orientadora.
- Poño o caso en coñecemento da Dirección e da Xefatura de Estudios.

Se hai maltrato...

- Debemos de *intervir sen dilación* sobre os protagonistas e os seus sentimentos. Sobre a vítima, o agresor ou agresores e sobre os espectadores.
- Para ello podes solicita-la colaboración e materiais do Departamento de Orientación..
- Ver protocolo de actuación do Centro (atópase no Plan do Departamento de Orientacion)..

Procedemento aconsellado de actuación ante un caso de maltrato entre compañeiros/as

- **Detección da situación:** Recollida inicial de información e valoración polo profesorado e, no seu caso, comunicación ao profesorado titor. Ter en conta que nestas situacións se da unha continuidade no tempo e hai unha asimetría de poder entre vítima e agresor ou agresores.
- **Análisis do caso:** Reunión do Profesorado Titor, Orientadora e da Directora e Xefa de Estudos para analiza-la intervención necesaria. En caso de estimarse necesario, se adoptarán as **medidas provisionais de urxencia** que se requiran para protexer á persoa agredida e/ou evita-las agresións:
 - **Medidas que garanticen a inmediata seguridade do alumno ou alumna agredida:** (Incremento de medidas de vixilancia, atención polo profesorado de guardia, intervención de mediadores, cambio de grupo...).
 - **Medidas disciplinarias cautelares dirixidas ao alumnado agresor:** En función da gravidade dos feitos se aplicará o establecido na normativa que regula os dereitos e deberes dos alumnos e alumnas.
- O profesorado titor, Directora, Xefa de Estudos u Orientadora, **recabará información dos implicados** (vítima e agresor ou agresores) **e do profesorado**. Se trata de buscar puntos de encontro, coincidencias e diverxencias entre as diversas fontes de información. A partir de toda a información obtida, o Centro tratará de establecer si hai indicios de maltrato así como o tipo e a gravidade do mesmo., coa vítima e cos espectadores).
- **Seguemento da situación e dos acordos adoptados:** Periódicamente o profesorado titor e/ou a persoa que se determine realizará un seguemento da evolución da situación a través da información do profesorado do grupo e dos contactos e entrevistas co alumnado implicado.
- Si o problema evoluciona favorablemente tras esta primeira intervención e despois do correspondente seguemento finaliza aquí a nosa actuación, aínda que hai que estar alerta por si o problema resurge de novo. Si a situación de acoso non desaparece tras esta primeira intervención, hai que **por a situación en coñecemento da familia**, no caso de que ésta non estivese ao tanto dela. Será o profesorado titor, previo coñecemento da Dirección , Xefatura de Estudos e da Orientadora, coa debida cautela e mediante entrevista, o que porá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e sobre as medidas que se están adoptando.